




# FAIAL DA PINTINIDOIRA



Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 5 km (ida e volta)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 2 horas



Unha visita a un dos pouco comúns faiais galegos, o faial da Pintinidoira, dentro do LIC Os Ancares -O Courel e no límite entre as dúas comarcas. Ideal para facer no outono e aproveitar a ocasión para gozar da forza, a intensidade e a variedade de cores que ofrecen a faias, cando as follas pasan do verde ao amarelo, e do dourado ao bronce e o vermello, antes de deixar ao descuberto as sólidas estruturas de cor gris.

As faias poden ser grandes árbores que gustan das abas abrigadas e frescas, orientadas ao norte ou pouco expostas ao sol, dos terreos maiormente calcarios das alturas das Serras Orientais; e os faiais que, no verán, son uns lugares frescos e sombrizos nos que non medran máis que as faias, e debaixo delas apenas hai outro tipo de vexetación que algúns arbustos que soportan unha prolongada falta de iluminación, e aquí e alá, nos poucos ocios polos que a luz consegue coarse ata o chan, algún acivro desmedrado; transfórmanse no outono en espazos nos que a luz, doce e dourada, o enche todo.





## PERCORRIDO:

Para achegarnos á Pintinidoira -localidade do concello das Nogais, na fronteira co concello de Cervantes, pero preto de Pedrafita- podemos facelo desde As Nogais, case 20 km, ou desde Pedrafita, uns 6,5 km. Nós propoñemos achegarnos desde Pedrafita. Para eso, case en fronte da estación de servizo, collemos unha rúa perpendicular á estrada, pola que tamén podemos ir aos Ancares entrando polo porto do Portelo, na que aparecen uns indicadores da dirección a seguir, a da esquerda. Circulamos por esta estrada uns 3,5 km, ata que atopamos un cruzamento á esquerda sinalado como "Pintidoira" (ao organismo encargado de facelo debeulle parecer moi longo ou moi raro o nome correcto) e 3 km máis adiante atopamos a localidade. Deixámola atrás ata atoparmos 2 km despois un cruzamento á dereita cun cartaz indicador no que aparecen Bazal e outras localidades ata Ponte Doiras. Meténdonos por esa estrada, a uns 600 m, no remate dunha costa abaixo, xusto antes dunha curva pechada á dereita que ten un pozo á esquerda, sae, á dereita, unha pista de terra, en bo estado, que en 2,5 km nos mete no faial. Podemos deixar o coche á beira do pozo e facer este tramo a pé, que comeza sendo horizontal e logo en descenso ata o faial, ou meternos co coche por ela -se nos metemos co coche aconsellamos deixalo na volta do teso desde o que se descubre o bosque para achegarnos ao faial camiñando e así poder ollalo en toda a súa extensión, arriba e abaixo do camiño, entre a parte baixa da localidade e o fondo do val. Camiñando pola pista, dentro do faial veremos algunhas faias de bo porte e chegando á volta do teso, onde tamén rematan as faias, atoparemos un camiño abandonado que sube cara á localidade, meténdonos un pouco por el atoparemos varias faias de fermosas copas e máis de catro metros de perímetro. Rematada a visita volvemos polo mesmo camiño pero, ao chegar á estrada que nos devolve á Pintinidoira, na volta de virar á esquerda e ir a Pedrafita podemos virar á dereita e facer o camiño que, sempre preto dos cumes, percorre o Monte da Pintinidoira e o Monte da Furada, para baixar polas abas do Monte Seco ata as Nogais, uns 18 km.



Faia de 4,35 m de perímetro



Faia de 4,30 m de perímetro



Faia de 4,40 m de perímetro



Faia de 3,80 m de perímetro